OCS media@
dossier@ocsmedia.com
Tfno: 91 579 08 00

La Voz de Galicia

Galicia | General
Diaria

Tirada: 127.027
Difusión: 108.201
(O.J.D)
Audiencia: 680.000
(E.G.M)
12/09/2004

Sección: -
Espacio (Cm_2): 316
Ocupación (%): 35%
Valor (Ptas.): 496.328
Valor (Euros): 2.982,99
Página: 57

Imagen: Si

O libro, escrito por dous executivos cataláns, lerase en 35 linguas

Unha nova editorial lanza a versión en galego de «La buena suerte»

A editora anuncia a publicación desta obra para antes do vindeiro Nadal

Concha Pino
SANTIAGO

■ Antes do Nadal aparecerá en galego *A boa sorte*, o libro que en apenas cinco meses se converteu nun dos maiores éxitos editoriais españois, coa súa tradución a 35 idiomas e a publicación en 65 países.

A obra, un conto escrito por dous executivos cataláns, Fernando Trias de Bes e Álex Rovira Celma, foi publicado en castelán o pasado mes de marzo, e pouco despois en catalán, pola editorial Urano. O fenómeno xestouse hai un ano, cando a axente literaria dos autores, Maru Montserrat, levou o manuscrito á Feira do Libro de Francfort, en outubro do 2003, colocándoo en medio mundo. O conto, unha historia sobre un «capitalismo habitable» que naceu a partires do dito de que a sorte é para quen a busca, e deseñada como manual de autoaxuda para adultos, está protagonizado por Merlín, entre outros magos, gnomos, fadas e animais do bosque encantado.

Daniel Rozados, que leva algún tempo preparando o lanzamento dunha nova editorial, Xixirei, asinou hai meses o contrato coa axente de Álex Rovira e Fernando Trias para a edición do libriño en galego. Será a carta de presentación desta nova empresa cultural con sede en Souto de Vea, no concello da Estrada. *A boa sorte* sairá nunha primeira edición non venal e limitada a 500 exemplares numerados antes de lanzar ao mercado o libro en tapa dura para nenos a partires dos 7 anos. Rozados asegura que, aínda que a historia naceu como un relato para adultos e aprendices de executivos, «é un relato marabilloso que funciona entre os máis pequenos, como un dos propios autores recoñeceu cando contou que un fillo seu lle dixo que era o conto máis fermoso que lera nunca».

A editorial Xixirei nace coa intención de publicar en galego, antes de que saian en castelán, novidades internacionais e obras para coleccionistas e afeccionados a temas moi específicos. Antes da oportunidade de *A boa sorte* traballaban na edición comentada da versión íntegra de primeira novela moderna en galego, *Maxina, ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares, que no 2005 cumpre 125 anos da primeira edición.



«La buena suerte», un dos grandes éxitos editoriais españois